



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

## PROCESO SELECTIVO: BOLSA DE EMPREGO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE CEE". BOP 35, 19/02/2024

### ACTA V: ALEGACIONES ÁS PUNTUACIONES PROVISIONAIS DA 2ª PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN E DA FASE DE CONCURSO, PUNTUACIONES DEFINITIVAS, CONSTITUCIÓN DA BOLSA E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Reunidos no Concello de Cee, o día 15/07/2024, ás 14:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para proceder á preparación e realización da segunda proba da fase de oposición do proceso selectivo para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, da praza de auxiliar administrativo do Concello de Cee. BOP 35, 19/02/2024.

#### 1. Reúñese o tribunal coa seguinte composición:

Presidenta: Angelina Blanco Rial

1.º vogal: Francisco Javier Landeira Rial (Suplente)

2.º vogal: Rocio Hermida Cancela

Secretario: Juan Carlos Santabaya Louzán

#### 2. O obxecto da reunión e proceder á revisión das alegacións presentadas ás puntuacións provisionais da 2ª proba da fase de oposición e da fase de concurso, determinar as puntuacións definitivas dos candidatos que superan o proceso selectivo, así como o proposto para contratación.

#### 3. ALEGACIÓN PUNTUACIONES PROVISIONAIS DA 2ª PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN.

Segundo informe do rexistro municipal de data 15/07/2024 presentan alegacións ás puntuacións provisionais da 2ª proba da fase de oposición os seguintes candidatos:

- BTB. DNI \*\*\*8114\*\*

Con data, 27-06-2024 e nº rexistro: 202499900000992, Dna. BTB con DNI \*\*\*8114\*\* presenta escrito de alegacións en relación á Acta III: Puntuacións provisionais proba 2 fase de oposición, no que indica:

*"Solicito revisión da nota correspondente ao examen da bolsa de emprego para a praza de auxiliar administrativo, xa que considero que a miña puntuación é superior a 15 puntos"*

O tribunal procede a realizar unha segunda revisión da exame realizado. Finalizada a mesma non se atopan erros ou inconsistencias na primeira corrección **acordándose por unanimidade manter a puntuación da mesma en 14,25 puntos.**

#### 4. ALEGACIÓN PUNTUACIONES PROVISIONAIS DA FASE DE CONCURSO

Segundo informe do rexistro municipal de data 15/07/2024 presentan alegacións ás puntuacións provisionais da fase de concurso os seguintes candidatos:

- MCB. DNI \*\*\*3652\*\*

Con data 05-07-2024 e nº rexistro: 202499900001042, D. MCB con DNI: \*\*\*3652\*\* solicita *"relación de cursos valorados, así como dos que non o foron por non estar relacionados cas funcións da praza ou por non estar homologados"* e con datas 09-07-2024 (nº rexistro: 202499900001066) e 10-07-2024 (nº rexistro: 202499900001082) presenta escrito de alegacións solicitando a revisión dos seguintes cursos:

...



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

- La intervención del consejo consultivo de Galicia en la contratación pública (30h-año 2022)
- Las subvenciones: Régimen jurídico y Normativa aplicable (30h-2022)-Gestión de fondos europeos, convocatorias next generation (30h-año 2022)
- La Contratación en el sector público. Elaboración de pliegos. Estudios de costes (15h- año 2022)
- El régimen general de la seguridad social: Afiliación, cotización prestaciones de la SS: IT, IP, Maternidad, riesgo durante el embarazo y la lactancia, cuidada menores afectados por cancer u otra enfermedad (25h-año 2022)
- Gestión de nóminas y seguridad social en la administración (30 horas - año 2023)

...

Por considerar que estes cursos son impartidos/recibidos por administracións públicas u otras entidades, están acreditados por título/certificación oficiais e o contido está relacionado coas funcións propias dunha praza de auxiliar administrativo.

...

Visto o contido do temario publicado como Anexo II das bases da convocatoria, así como as funcións establecidas na base terceira:

## *Terceira. Funcións do posto.*

As establecidas na Relación de Postos de Traballo do Persoal Funcionario do Concello de Cee aprobada definitivamente o 10 de novembro de 2009, a continuación se detallan:

*Xestión do rexistro xeral municipal de entrada e saída*

*Xestión do rexistro da Deputación Provincial de A Coruña nos termos sinalados no convenio entre esta entidade e o Concello de Cee.*

*Atención e información persoal e telefónica ao público.*

*Supervisión da confección, preparación e envío do correo ó que se lle da saída.*

*Ordenación da documentación propia do negociado e preparación da mesma para o seu arquivo.*

*Tarefas de reprografía, fotocopia e outras de carácter auxiliar que se requiran en cada momento en función das necesidades do servizo.*

*Realización material da Publicación de anuncios nos taboleiros de anuncios municipais baixo a supervisión do Administrativo Xefe do negociado.*

*Compulsa de documentos baixo a supervisión do Administrativo Xefe do negociado.*

*Tarefas de transcripción mecanográfica de documentos, incluíndo a redacción material de todo tipo de documentos que se lle requiran.*

*Cales queira outras tarefas que lle podan corresponder de conformidade co perfil e contido do posto, así como dentro da súa subescala, sempre que resulten necesarias por razón do servizo.*

**O tribunal considera que o contido dos cursos indicados non está relacionado con exercicio das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria, polo que non procede a súa valoración en consonancia con establecido no apartado b) Formación da base sétima, acordando manter a puntuación do candidato en 1,4 pto.**

## *Sétima. Proceso selectivo*

### *2. Fase de concurso*

...

*b) Formación. Só se avaliarán os cursos impartidos ou recibidos das Administracións Públicas e outras entidades sempre que estean homologados pola Administración, debidamente acreditados mediante o título*



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

ou certificación oficial correspondente, **cuxo contido estea relacionado co exercicio das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.**

...

## 5. PROBA DE COÑECEMENTOS DO IDIOMA GALEGO

En relación á 3ª proba da fase de oposición:

### 3.ª Proba

Coñecemento do idioma galego. A proba consistirá nunha tradución en ambos os dous sentidos. Cualificación de apto/non apto. **Quedarán exceptuado/a desta proba quen acredite estar en posesión do CELGA 4.** Ao obxecto desta proba incorporárase o persoal especializado que considerar o tribunal.

Dado que todos os candidatos que superan a fase de oposición acreditan estar en posesión do CELGA 4 non resulta necesaria a realización da mesma.

## 6. CUALIFICACIÓN FINAL

Finalizadas as fases de concurso e oposición, as puntuacións finais obtidas polos candidatos que superan o proceso selectivo, ordenados por orde de puntuación da máxima a mínima, son as seguintes:

INICIAIS (APELIDOS, NOME)	DNI	FASE OPOSICIÓN			FASE CONCURSO	TOTAL
		PROBA 1	PROBA 2	COÑECEMENTO IDIOMA GALEGO		
GGL	***1238**	22,6	21,874	CELGA 4	0,6	45,074
RPXM	***3673**	21,3	18,125	CELGA 4	0,8	40,225
DPPE	***8003**	20,4	18,625	CELGA 4	0	39,025
MCB	***3652**	19	18,125	CELGA 4	1,4	38,525
RVL	***8027**	15,1	22,875	CELGA 4	0	37,975
VFD	***3832**	16,9	20,625	CELGA 4	0,3	37,825

## 7. CONSTITUCIÓN DE BOLSA.

Propónse a constitución da seguinte bolsa de Emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, da praza de auxiliar administrativo do concello de Cee, segundo orde de puntuación acadada:

ORDE BOLSA	INICIAIS (APELIDOS, NOME)	DNI	TOTAL
1	GGL	***1238**	45,074
2	RPXM	***3673**	40,225
3	DPPE	***8003**	39,025
4	MCB	***3652**	38,525
5	RVL	***8027**	37,975
6	VFD	***3832**	37,825



# Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº  
15270 CEE (A Coruña)  
CIF: P1502300E  
Teléfono: 981 745 100  
Fax: 981 746 757  
correo@cee.gal  
www.cee.gal

## 8. PROPOSTA DE NOMEAMENTO

En consonancia co establecido na base novena: proposta de nomeamento, o tribunal eleva proposta de contratación para o candidato que obtén a maior puntuación no proceso selectivo:

INICIAIS (APELIDOS, NOME)	DNI	TOTAL
GGL	***1238**	45,074

## 9. APORTACIÓN DOCUMENTACIÓN CANDIDATO PROPOSTO PARA NOMEAMENTO.

Segundo o establecido na base Décima. Presentación de documentos, **O/a aspirante proposto/a deberá achegar dentro do prazo de cinco días naturais contados a partir da publicación desta acta**, os documentos seguintes:

1. Fotocopia compulsada do seu Documento Nacional de Identidade.
2. Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título ou, no seu caso, diploma sobre a base do cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de ter cumprido todos os requisitos para a expedición deste. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.
3. Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de persoas discapacitadas, observarase tamén o que establece o apartado d) da base segunda da presente convocatoria.
4. Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado ás Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
5. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar dado de alta).
6. Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).

Sen mais asuntos que tratar finaliza a sesión en Cee, a 15/07/2024 sendo as 14:52 horas.

Asdo.

Secretario

Presidente

Vogais.